

O presente informe recolle unha análise dos resultados da Enquisa de Ocupación Hoteleira do INE para Galicia correspondentes ao primeiro semestre do ano 2010. Seguindo o esquema analítico dos informes mensuais, a valoración dos datos acompáñase dunha comparativa a nivel temporal, tanto en relación ao primeiro semestre do pasado ano como o referido ao do último ano Xacobeo 2004.

I) GALICIA


Tab 1. Viaxeiros, pernoitas, estadía media e graos de ocupación en estab. hoteleiros. 1º Sem. 2010

	ESPAÑA		GALICIA		
	Nº	Var. Int. 09	Nº	Var. Int. 09	Var. Int. 04
VIAXEIROS	36.908.036	5,18%	1.583.178	13,05%	5,37%
PERNOITAS	112.766.248	4,34%	3.235.009	9,93%	6,01%
ESTADÍA MEDIA	3,06	-0,80%	2,04	-2,76%	0,62%
% OCUPACIÓN	46,16%	1,10	29,48%	2,25	-1,95

Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- No conxunto do primeiro semestres deste ano 2010 rexistráronse en Galicia un total de 1.583.178 viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros da comunidade, cifra que supón un incremento do 13,05% en relación ao mesmo período do pasado ano e do 5,37% en comparación co último ano Xacobeo 2004.

Fig 1. Taxa de variación interanual dos viaxeiros. 1º Sem. 2004-10




Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- O incremento medio rexistrado en Galicia é o máis elevado do estado (onde de media a cifra de viaxeiros sobe un 5,2%), isto é, a nosa comunidade experimenta o maior incremento de viaxeiros aloxados do España tamén neste primeiro semestre do ano 2010. En termos absolutos, sen embargo, Galicia ocupa o oitavo lugar en canto aos viaxeiros, por detrás das comunidades do mediterráneo, Canarias, Madrid e Castela e León.
- Logo dun primeiro mes de xaneiro onde se experimentara un descenso en termos interanuais, en febreiro recupérase a senda de crecemento que se acentúa de forma importante nos seguintes

meses ata xuño, completando así un primeiro semestre de incremento global do 13,05% no volume de viaxeiros. Tal como se observa no gráfico, a partir de marzo e de forma continuada a cifra de viaxeiros supera sempre os valores tanto do pasado ano como do último ano Xacobeo 2004.


Fig 2. Volume de viaxeiros no primeiro semestre. Anos 2004, 2009 e 2010



Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- O 81% dos viaxeiros son españois, isto é, constitúen o mercado nacional dentro da nosa comunidade, mentres que o 19% restante corresponde aos estranxeiros. Ambos mercados incrementan a súa presenza en Galicia de forma semellante, cunha subida media do 13,3% da demanda nacional e do 12,1% da estranxeira. Así pois, o bo comportamento do sector no conxunto do semestre débese tanto a unha suba do segmento nacional como do internacional.

Fig 3. Taxa de variación interanual das pernoitas. 1º Sem. 2004-10




Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- No conxunto do semestre os establecementos hoteleiros de Galicia acumulan un total de 3.235.009 pernoitas, volume importante que supera en case un 10% a cifra do mesmo período do pasado ano e nun 6,0% a correspondente ao último ano Xacobeo 2004. O comportamento

dinámico desta variable é paralelo ao comentado respecto dos viaxeiros, con descensos nos dous primeiros meses deste ano 2010 previo ao inicio dunha tendencia de crecemento positivo nos catro seguintes, acumulando, por tanto, a subida media citada anteriormente.

- Galicia é a cuarta comunidade do conxunto do estado coa subida máis alta no volume de pernoitas neste primeiro semestre do ano, situándose neste caso por detrás de Madrid (que experimentou un incremento medio do 14,37%), Cataluña (do 11,93%) e Aragón (do 10,87%). Supera a media do conxunto do Estado no que as pernoitas subiron un 4,3% neste semestre.
- A estadía media nos establecementos hoteleiros de Galicia neste primeiro semestre do ano é de 2,04 noites, cifra que descende lixeiramente en relación ao pasado ano (en particular, un 2,8%) pero que se mantén estable respecto de 2004. É a segunda caída máis importante de todas as comunidades autónomas do Estado, situándose só por debaixo de Murcia (comunidade na que a estadía media acumulada cae un 3%).
- No conxunto do semestre a ocupación hoteleira sitúase no 29,48% de media, cifra que en todo caso sitúase por encima do rexistrado no mesmo período do pasado ano (en algo máis de dous puntos porcentuais) pero que novamente se queda por debaixo do nivel acadado no mesmo período de 2004 (que era do 31,43%). A suba do 6% nas pernoitas non supera o incremento do volume de prazas ofertadas neste longo período.

Fig 4. Variación Interanual do grao de ocupación hoteleira. Xan-Xuñ 2010



Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- Salvo nos dous primeiros meses do ano o nivel de ocupación medio medrou de forma constante nos catro meses seguintes, sendo xustamente no mes de xuño cando se produce a maior subida en termos interanuais.

I) ANÁLISE POR PROCEDENCIA

- Tal como se comentou anteriormente, o 81% dos viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros de Galicia neste primeiro semestre do ano son españois. O cadro seguinte amosa a distribución por comunidades autónomas de orixe.

Tab 4. Distribución porcentual dos viaxeiros nacionais, e porcentaxe de variación interanual, por comunidades autónomas

1º SEMESTRE 2010		
CC.AA.	% s/ total	Var. int. 09
Galicia	39,5%	2,3%
Madrid	17,2%	20,1%
Castela e León	7,5%	21,9%
Cataluña	6,6%	16,4%
Asturias	5,7%	5,7%
Andalucía	5,0%	30,8%
País Vasco	4,0%	22,4%
C. Valenciana	3,4%	48,4%
Castela A Mancha	2,4%	14,1%
Resto de España	8,7%	-

- Galicia é o principal mercado da demanda turística nacional correspondente aos establecementos hoteleiros pois representa neste primeiro semestre do ano case o 40% do total de viaxeiros aloxados. Madrid é a segunda comunidade en orde de importancia, cun 17,2% do total de viaxeiros, liderando o mercado español de non residentes e superando ao resto de comunidades do Estado, entre as que destacan Castela e León (terceira en orde de importancia co 7,5% do total nacional), Cataluña (co 6,6%), Asturias (co 5,7%) e Andalucía (co 5,0% do total).
- Nestes primeiros seis meses do ano todas as comunidades autónomas incrementaron o volume de viaxeiros emitidos a Galicia en relación ao mesmo período do pasado ano, en porcentaxes variadas en función dos casos. Nese contexto é xustamente a nosa comunidade a menos dinámica, isto é, o mercado dos residentes en Galicia é o que menos medrou no conxunto do semestre, dando como consecuencia un descenso do peso do mercado interno de algo máis de catro puntos porcentuais respecto de 2009.
- Son a C. Valenciana e Andalucía as que amosan un maior dinamismo, isto é, as que incrementaron en maior medida o volume de viaxeiros a Galicia, sendo tamén, xunto con Madrid, as que subiron no ranking de importancia na nosa comunidade.

II) ANÁLISE POR TIPOLOXÍA E CATEGORÍAS

Como complemento á información facilitada nos apartados anteriores, analízanse a continuación os datos da Enquisa de Ocupación Hoteleira por tipoloxía e categoría dos establecementos e para o conxunto de Galicia.


Tab 5. Viaxeiros, pernoitas, estadía media e graos de ocupación por tipoloxía de establ. 1º Sem. 2010

	HOTEIS		PENSIÓNS	
	Nº	Var. Int. 09	Nº	Var. Int. 09
VIAXEIRO	1.286.911	13,02%	296.267	13,17%
PERNOITAS	2.516.237	13,78%	718.771	-1,71%
ESTADÍA MEDIA	1,96	0,67%	2,43	-13,15%
% OCUPACIÓN	-	-	-	-

Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- Dentro da propia oferta hoteleira obsérvase un comportamento algo dispar entre as dúas tipoloxías consideradas, isto é, entre os hoteis e as pensións. En particular, na primeira delas obsérvase un incremento en porcentaxes similares tanto do volume de viaxeiros como de pernoitas en relación ao pasado ano (do 13,02% e 13,78%, respectivamente), circunstancia que explica en grande medida o bo comportamento global do sector.
- Nas pensións, en cambio, contraponse a forte suba dos viaxeiros (similar á dos hoteis, do 13,17% neste caso) ao descenso acumulado das pernoitas (nun 1,7% no conxunto do primeiro semestre), aspecto que sen dúbida provoca unha caída importante da estadía media nesta modalidade de aloxamento.

Fig 5. Variación Interanual dos viaxeiros e pernoitas segundo tipo de establ.. 1º Sem. 2010.




Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- Esta dinámica comporta variacións asimétricas na estadía media, que no caso dos hoteis sobe lixeiramente (un 0,67%), situándose na media do semestre en 1,96 noites, mentres que nas

pensións descende de forma notable (algo máis dun 13%), colocándose en 2,43 noites para o mesmo período.

Fig 6. Variación Interanual dos viaxeiros e pernoitas segundo categoría. 1º Sem. 2010.



Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- Entrando en algo máis de detalle, e observando as cifras por categorías, conclúese que:
 - En todas elas prodúcese un incremento do volume de viaxeiros en relación ao primeiro semestre do ano pasado, suba que acada as maiores porcentaxes no caso das pensións dunha estrela, isto é, no segmento máis baixo da oferta (pois rexistra un crecemento do 26,41%). Nos hoteis de dúas estrelas obsérvase tamén unha suba importante, do 22,58% interanual.
 - As pernoitas, en cambio, teñen un comportamento máis dispar. Incrementanse de forma notable nos hoteis de dúas estrelas (concretamente un 28,17%), algo menos no segmento de categoría alta (un 14,29% en catro e cinco estrelas, e un 10,10% en tres estrelas) e de forma case imperceptible nos hoteis dunha estrela (2,1%) e pensións dunha estrela (1,9%). Caen, como excepción á tónica xeral, nas pensións de dúas e tres estrelas (en particular, un 6,64%).
 - Nos hoteis de dúas ou máis estrelas obsérvase un mellor comportamento das pernoitas en relación aos viaxeiros, circunstancia contraria ao que acontece no segmento baixo da oferta hoteleira (hoteis dunha estrela e pensións).
- A estadía media, por tanto, medra nos hoteis de dúas ou máis estrelas (sendo o incremento maior xustamente en dúas estrelas) mentres que cae nas restantes categorías (un 3,94% nos hoteis dunha estrela, un 7,69% nas pensións de tres e dúas estrelas, e un 19,39% nas pensións dunha estrela).
- Xustamente nesta última categoría é onde se rexistra o valor máis elevado de toda a oferta hoteleira (con 2,73 noites de media para o semestre). No lado contrario, son os hoteis de máxima categoría os que a día de hoxe e para o conxunto dos seis meses amosan a estadía máis baixa (1,87 noites de media).


IV) ANÁLISE POR PROVINCIAS

Tab 6. Viaxeiros, pernoitas, estadía media e grao de ocupación en estab. hoteleiros, por provincias

		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
VIAXEIROS	Nº	743.476	240.748	136.791	462.165
	% Var.	15,70%	13,79%	4,49%	11,27%
PERNOITAS	Nº	1.501.379	387.817	247.846	1.097.967
	% Var.	10,47%	10,69%	-1,49%	11,84%
ESTADÍA MEDIA	Nº	2,02	1,61	1,81	2,38
	% Var.	-4,52%	-2,72%	-5,73%	0,51%
% OCUPACIÓN	%	32,86%	24,14%	22,08%	29,86%
	Var.	1,93	2,05	-0,13	3,30

- Nos primeiros seis meses de 2010 A Coruña é a provincia que rexistra o maior volume de viaxeiros e pernoitas nos establecementos hoteleiros da comunidade, cun 46-47% do total da comunidade. Seguen en orde de importancia, con diferentes pesos, Pontevedra, Lugo e finalmente Ourense (provincia que tan só recolle o 7-8% de Galicia).
- É tamén a provincia máis dinámica pois en conxunto os viaxeiros incrementáronse nun 15,7% mentres que as pernoitas subiron un 10,5% en relación ao pasado ano. Pontevedra e Lugo amosan tamén un dinamismo importante, con incrementos medios do 11-13% tanto en viaxeiros como en pernoitas, quedando Ourense nunha situación peor (menor crecemento dos viaxeiros e caída das pernoitas, marcando desta maneira a excepción ao comportamento global do sector na comunidade).


Fig 7. Variación Interanual dos viaxeiros e pernoitas, por provincias. 1º Sem. 2010.



Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- Salvo no caso xustamente de Ourense, a dinámica positiva das outras tres provincias galegas nestes semestre responde a un bo comportamento global desde o mes de marzo, punto de inicio dunha secuencia consecutiva de incrementos interanuais tanto no volume de viaxeiros como de pernoitas.
- Respecto do ano 2004 todas as provincias agás Pontevedra superan as grandes cifras de conxuntura hoteleira, isto é, de viaxeiros e pernoitas, en porcentaxes que acadan o 30% en Lugo, ou o 9-10% en A Coruña.
- A estadía media no conxunto do semestre varía dunha provincia a outra. En particular, Pontevedra rexistra a cifra máis elevada, cunha media de 2,38 noites, superando os valores de A Coruña (2,02 noites), Ourense (1,81 noites) e, sobre todo, Lugo (que con 1,61 noites rexistra o dato máis baixo). Soamente Pontevedra consegue manter a estadía media do pasado ano (sobe tan só un 0,5% en relación ao primeiro semestre de 2009) mentres que nas restantes provincias cae, aínda que non de forma acentuada.

Fig 8. Grao de ocupación e variación interanual, por provincias. 1º Sem. 2010.



Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- A Coruña, cunha media do 32,86%, e Pontevedra, co 29,86%, son as provincias que rexistran os maiores niveis de ocupación de Galicia neste primeiro semestre do ano, superando a media de Galicia en ambos casos (que está no 29,48%). Lugo e Ourense, en cambio, amosa porcentaxes menores, do 24,14% na primeira e do 22,08% na segunda.
- Nesta última, en Ourense, obsérvase unha caída acumulada do nivel de ocupación respecto do pasado ano (de tan só 0,13 puntos porcentuais), constituíndo a excepción nesta materia pois nas outras tres provincias sobe de forma importante en relación ao ano pasado. Pontevedra rexistra o incremento máis notable no nivel de ocupación do semestre (de algo máis de tres puntos porcentuais), mentres que en A Coruña e Lugo a suba foi de dous puntos porcentuais aproximadamente.
- Este comportamento positivo no conxunto do semestre e nas tres provincias comentadas responde un incremento continuado e crecente da ocupación media no sector desde o mes de marzo, acadando xustamente en xuño as taxas máis altas.

V) ANÁLISE POR PUNTOS TURÍSTICOS

O INE ofrece datos da Enquisa de Ocupación Hoteleira para determinados “puntos turísticos” do territorio español. Considéranse como tales aqueles municipios que teñen unha determinada infraestrutura hoteleira e un nivel de resposta tal que os datos estimados a través da propia enquisa son fiables e representativos.

Para este mes de xuño de 2010 ofrécense datos de cinco das sete cidades galegas. Son:

- A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense e Vigo.


A táboa seguinte recolle os principais indicadores de conxuntura hoteleira para os puntos turísticos mencionados anteriormente:

Tab 7. Viaxeiros, pernoitas, estadía media e grao de ocupación en estab. hoteleiros, por puntos turísticas

		A CORUÑA	SANTIAGO	LUGO	OURENSE	VIGO
VIAXEIROS	Nº	171.312	289.651	67.783	51.060	139.243
	% Var.	7,77%	24,37%	10,03%	11,41%	8,25%
PERNOITAS	Nº	323.554	598.157	110.813	82.849	280.636
	% Var.	-1,30%	16,23%	10,00%	9,18%	6,84%
ESTADÍA MEDIA	Nº	1,89	2,07	1,63	1,62	2,02
	% Var.	-8,42%	-6,54%	-0,03%	-2,00%	-1,30%
% OCUPACIÓN	%	35,66%	45,87%	32,76%	38,74%	33,75%
	Var.	-0,75	4,80	2,80	3,71	1,17

- Santiago de Compostela é a cidade que amosa un maior dinamismo e un mellor comportamento na conxuntura global do sector hoteleiro neste primeiro semestre do ano. Rexistra incrementos medios do 24,4% no volume de viaxeiros e do 16,2% nas pernoitas, superando as porcentaxes do resto de destinos urbanos da comunidade.


Fig 9. Variación interanual dos viaxeiros e pernoitas nas cidades de Galicia. 1º Sem. 2010.



Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- En todos eles obsérvase tamén un incremento do volume de viaxeiros respecto do pasado ano, en porcentaxes importantes que oscilan do 7,8% en A Coruña ata o 11,4% en Ourense. Soben tamén as pernoitas salvo no caso da cidade de A Coruña, destino onde xustamente caen no acumulado do ano un 1,3% (consecuencia da caída rexistrada en catro dos seis meses considerados, xuño entre eles).
- Respecto de 2004 soamente Santiago e Lugo conseguen superar as cifras de viaxeiros e pernoitas do primeiro semestre dese ano, observando descensos nalgún caso importante tanto en A Coruña como en Vigo.
- A estadía media varía tamén dunha cidade a outra, sendo Santiago a que rexistra nos seis meses do ano a cifra máis elevada, con 2,07 noites. Lugo e Ourense, en cambio, quedan por debaixo da media con 1,63 noites de media en cada unha delas.

Fig 10. Grao de ocupación e variación interanual nas cidades de Galicia. 1º Sem. 2010.



Fonte: Enquisa de Ocupación Hoteleira (INE)

- En canto ao nivel de ocupación medio do semestre obsérvase que:
 - Santiago de Compostela rexistra a porcentaxe máis elevada de toda Galicia, cunha ocupación media do 45,87% no primeiro semestre do ano. O resto de cidades oscilan entre o 32,76% na cidade de Lugo e o 38,74% en Ourense.
 - En todas elas, salvo en A Coruña (onde a ocupación media descende case un punto porcentual, tendencia que se observa no primeiro trimestre e no mes de xuño deste ano), incrementase o nivel medio de ocupación do semestre, case cinco puntos porcentuais en Santiago (destino máis dinámico neste sentido), e de forma variable nas tres cidades restantes.